



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/8	El Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

18 de xullo de 2024

Duración:

Desde las 11:03 ata as 12:51

Lugar:

Salón de Sesións

Presidida por:

ROCIO LOPEZ GARCIA

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ
34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ
77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	NON

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 21 DE MARZO DE 2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/A

Visto o borrador da acta da sesión anterior, a sesión ordinaria celebrada o día 21 de marzo de 2024 (21/03/2024) distribuido coa convocatoria, sometido a votación obtivo os votos a favor dos seis concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE, e tanto a concelleira do Grupo do BNG como os tres concelleiros do Grupo do PP abstivéronse, resultando aprobada.

Expediente 316/2024. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA OEXERCIZO 2024.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

A Alcadesa procede a facer un breve resumo relativo á aprobación do orzamento para o 2024: "Temos o estado de gastos e o estado de ingresos, o total do orzamento son 2,620.935,62.-€.

O estado de gastos:

O capítulo I : gastos de persoal que se incrementa bastante con respecto ao exercicio anterior, un 50,82% do orzamento, debido ao incremento salarial aprobado na RPT que se aplicarán agora en xuño e a maiores os atrasos de 2024 que se van a pagar tamén no mes de setembro, e aínda quedarían pendentes os atrasos orixinados dende a aprobación da RPT, parte do 2022 e todo o 2023. Tamén se inclúe aquí APROL RURAL que vai dende o 2023 ata o 2024.

O capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos, que son gastos de funcionamento, subministro, xardinería, reparacións... que son 590.639,69.-€ e





Concello de Lourenzá

despois outra partida que tamén destaca no estado de gastos de transferencias correntes que é dónde van todas as axudas de cultura, deportes, recollida de residuos, etc.

O capítulo VI: Anexo de investimentos que é donde van as principais inversións e obras que se van facer como: "Mantemento e mellora de accesos a Vilanova de Lourenzá", as obras que van de camiños do AGADER: "Renovación dos parques infantís da Gracia e de Santo Tomé", "Adquisición dunha máquina hidrolimpiadora desatascadora e con accesorios de limpeza viaria" e o "Equipamento do Local Multiusos: Adquisición de sillas e unha pantalla led", tamén irían as obras de estradas que van dentro do PLAN ÚNICO: "A área de autocaravanas" e a "Adquisición dun tractor".

O capítulo VII: Transferencias de capital, que son fundamentalmente os créditos que van destinados ás axudas do ARI procedentes de convenios asinados co IGVS.

O capítulo IX: Pasivo financeiro, que sería amortización de débeda que hai pendente, era un préstamo contraído dende o ano 2010 e este ano vaise amortizar 13.397.-€ e aínda quedarían 75.370.-€ a finais de ano sen pagar.

O estado de ingresos:

O capítulo I: Recaudación de IBI, ICIO IVTM que son 41.000.-€

O capítulo III: Ingresos que proceden de lixo, deportes, aproveitamentos de vó, taxas que son 239.500.-€.

O capítulo IV: Transferencias correntes, axudas que veñen de fondos das CCAA, Deputación de Lugo, do Estado, que ascende a 1,218.026.-€.

O capítulo V: Intereses de depósitos

O capítulo VIII: Operacións de capital, transferencias procedentes da Xunta e Deputación.

Hai un gasto moi grande no Punto de Atención á Infancia que costa a finais de ano máis de 100.000.-€ e en Servicios Sociais case 500.000.-€ e aínda que se reciben axudas por parte da Xunta e por parte da Deputación, son moi escasas."

Ábrese debate:





Concello de Lourenzá

A voceira do BNG, D^a Belén Fanego, dí que non ve mal a dotación do multiusos pero propón e dí que sería máis apropiado pensar en partidas para o servizo de abastecemento ou saneamento polas parroquias, ou nun convenio coa protectora de animais ou na eliminación de barreiras arquitectónicas na Casa Consistorial, etc. e deixa constancia de que lle gustaría que noutras ocasións antes de proceder á aprobación do Orzamento, se convocara unha comisión informativa para poder, dende a oposición, aportar este tipo de ideas pensado en que este Concello prospere.

Por parte do PSOE, o Sr. concelleiro, Don Manuel Arango, indica que se a subvención é para algo concreto hai que invertila según indican as bases da axuda.

A Sra. Fanego pregunta polas axudas do ARI, si están pagadas as do ano pasado e polo incremento dos gastos de persoal e si se chegou a algún acordo co persoal para cobrar os atrasos.

A Alcaldesa comenta que este ano se regularizarán as nóminas en xuño e os atrasos correspondentes ao 2024, cobraranse en setembro deste ano tamén. Dí que non existe acordo por escrito pero que a intención é detallar por escrito como se vai facer cos atrasos anteriores.

Asimesmo a concelleira do PP, D^a Remedios Gallo, solicita a elaboración dunha lista coas obras do ARI, as que están feitas, executadas e as que non están tramitadas e se van tramitar, co cal se manifesta dacordo a Sra. Fanego.

O voceiro do PP, Don Roberto Díaz, comenta que fixeron unha análise técnica e que con un orzamento de 2,600.000.-€, que case 2,000.000.-€ se gasten en persoal, o que supón un 73%, indica que non queda case nada de crédito para inversións. En canto aos ingresos, obsérvase que o Concello depende directamente doutras Administracións entón se houbera algún problema á hora de cobrar axudas desas Administracións, non se poderían asumir gastos de salarios, pago a provedores, etc. Se o concello non é capaz de xerar ingresos por si mesmo, só un 24% que corresponderían a IBI e outros impostos. Obsérvase que só hai 41.000.-€, en concepto de Imposto de Construcións e Obras e 2.500.-€ en licencias urbanísticas, o cal significa que non se crea unha empresa, non se fai unha obra, non se constrúe unha vivenda e se non se traballa niso non se





Concello de Lourenzá

recauda en IBI nen noutros impostos. Atopámonos con unha cantidade absurda ..45.000.-€ de 2,600.000.-€. Tamén comenta que no informe de secretaría o orzamento deixa claro que se elabora 9 meses máis tarde e que se está incumprindo a Lei e case a finais de ano aínda está o orzamento sen aprobar, que en algún concello o teñen prorrogado. Neste punto vamos votar que NON.

O Concelleiro do PSOE, Don Manuel Arango, está dacordo e manifesta a intención de loitar por novas financiación para o Concello, con respecto ás Administracións, e que dependen unhas das outras, a Xunta se non fora o Estado non podería facer nada e o Estado se non foran as axudas da Unión Europea tampouco.

Por outro lado fai saber que non se incumpre a Lei, que hai concellos que non dispoñen de orzamento e seguen funcionando e que o orzamento se prorroga automaticamente.

A Sra. Alcadesa concreta que pese ás dificultades económicas que se atopa polo gasto desmesurado do PAI e de Servizos Sociais, e aínda así se fixeron inversións, cre que é un orzamento modesto e axeitado e é polo que o equipo de goberno vai votar a favor.

D^a Belén Fanego, indica que, pese a que parte do orzamento o destinaría a outras inversións distintas, confía en que para a vindeira vez que se aprrobe o orzamento, se faiga una previa comisión informativa coa oposición, entón vaise ABSTER na votación.

A Sra. Gallo, concelleira do PP, manifesta inquietude polo tema de gastos de persoal, porque se o Obispado agora ten contratada unha empresa para as visitas guidas á igrexa, ¿qué función de desempeña o Técnico de Turismo?

A Alcadesa aclara que a empresa só está contratada os meses de verán e que fan as visitas, excepto luns e martes, polo tanto eses dous días realízanse as visitas dende o Concello e cando a Técnico non ten visitas aproveita para atender a Oficina de Turismo e o Centro de Interpretación da Faba porque é certo que mentras ela ten que facer as visitas a oficina queda desatendida e que se pretende, pretendemos todos, e que veñan excursións, e canta máis xente visite o noso pobo mellor.





Concello de Lourenzá

CONSIDERANDO o disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988. E en virtude da atribución recollida nos artigos 22.2 e) e i) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, o Pleno Municipal cos votos a favor dos seis concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE, a abstención da concelleira do Grupo do BNG e tres votos en contra dos tres concelleiros do Grupo do PP, ACORDA :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Lourenzá, para o exercicio económico 2024, xunto co Cadro do persoal, as Bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ao expediente, cuxo resumo por capítulos é o seguinte

GASTOS 2024			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN.	%
1	Gastos de Personal	1.331.906,93	50,82
2	Gastos Corrientes en Bienes y Servicios	590.639,69	22,54
3	Gastos Financieros	6.282,00	0,24
4	Transferencias Corrientes	207.200,00	7,91
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.136.028,62	81,51
6	Inversiones Reales	430.046,01	16,41
7	Transferencias de Capital	41.463,09	1,58
8	Activos Financieros	0,00	0,00
9	Pasivos Financieros	13.397,90	0,51
	TOTAL OPERACIONES CAPITAL	484.907,00	18,49
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.620.935,62	100,00
INGRESOS 2024			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	%
1	Impuestos Directos	647.000,00	24,69
2	Impuestos Indirectos	41.000,00	1,56
3	Tasas, Precios Públicos y otros Ingresos	239.500,00	9,14





Concello de Lourenzá

4	Transferencias Corrientes	1.218.026,52	46,47
5	Ingresos Patrimoniales	3.900,00	0,15
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.149.426,52	82,01
6	Enajenación de Inversiones Reales	0,00	0,00
7	Transferencias de Capital	471.509,10	17,99
8	Activos Financieros	0,00	0,00
9	Pasivos Financieros	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	471.509,10	17,99
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	2.620.935,62	100,00

SEGUNDO.- As modificacións de crédito realizadas no Orzamento Prorrogado do Concello considéranse incluídas nos créditos iniciais do Orzamento do Concello para o exercicio 2024, polo que, deberán anularse ditas modificacións de crédito unha vez aprobado definitivamente o Orzamento para o ano 2024, a excepción dos expediente de modificacións de créditos número 4/2024, 7/2024 e 8/2024 todos eles de Incorporación de remanentes de crédito de exercicios anteriores que se manterán vixentes.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o ano 2024, o Cadro do persoal, as Bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ao expediente, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da provincia e o taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO.- Considerar elevado a definitivo o presente acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación en prazo.

QUINTO.- Remitir, unha vez aprobado definitivamente o Orzamento, copia do mesmo á Administración do Estado e ao Órgano competente da Comunidade Autónoma.

EXPTE 53/2024. INFORME DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE ADECUACIÓN Á LEGALIDADE DE EXPTE. DE DOMINIO PARA A INSCRICIÓN DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:





Concello de Lourenzá

A Alcaldesa aclara que se da coñecemento do informe enviado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, en relación coa consulta que estaba pendente:

“Informe sobre inmatriculación do Mosteiro de San Salvador – Concello de Lourenzá Expediente: 2024/PES_03/002952

Emítese informe sobre a adecuación á legalidade de expediente de dominio para a inmatriculación pola diocese de Mondoñedo - Ferrol de parte do Mosteiro de San Salvador, solicitado pola alcaldesa ao amparo do Regulamento do Servizo Provincial de Asesoramento e Asistencia Xurídica, Económica-Financeira e Técnica aos Concellos publicado no BOP núm. 109 do 15 de maio de 2009, solicitado pola alcaldesa ao amparo do Regulamento do Servizo Provincial de Asesoramento e Asistencia Xurídica, Económica-Financeira e Técnica aos Concellos publicado no BOP núm. 109 do 15 de maio de 2009.

O art. 174 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (BOE de 22 de decembro), polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) faculta aos presidentes das entidades locais para que, ademais dos informes preceptivos da Secretaría - Intervención, soliciten outros informes ou ditames cando o estimen necesario. Conforme ao art. 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (BOE do 2), de procedemento administrativo común das administracións públicas, estes informes teñen carácter facultativo e non vinculante.

Antecedentes.

Documentación achegada polo Concello:

- Notificación da notaria de Foz María Cuartas Berdejo ao Concello sobre a tramitación de acta de requirimento para iniciar expediente de dominio para a inmatriculación de finca urbana denominada “Monasterio de Lourenzá” e anexos, referencia catastral 7848002PJ3174N0001LF.

- Oficio remitindo ao Concello un edicto para expoñer no Taboleiro de Anuncios durante un mes a través do que se informa da tramitación do antedito expediente de dominio.

- Acta notarial de inicio de expediente de dominio núm. 208 de 25 de setembro de 2023 promovido por un apoderado da diocese. Á acta únese copia da escritura de compravenda outorgada, polo bispo de Mondoñedo e por un monxe representante da Congregación Beneditina Sublacense, o 3 de novembro de





Concello de Lourenzá

1943 ante o notario de Mondoñedo José María de la Fuente y Bermúdez co núm. 396 do seu protocolo.

- Convenios formalizados polas representacións legais da Diocese e do Concello para o uso municipal de dependencias que forman parte do Mosteiro.

- Informe dos Servizos Técnicos Municipais identificando os bens cuxa inmatriculación promove o Bispado.

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Real Decreto 1759, Ministerio de Hacienda, publicado na Gaceta de Madrid número 291 de 17 de Outubro de 1928 - Lei hipotecaria aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 (LH) - Decreto de 14 de febreiro de 1947, polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH)

- Código Civil (cc)

- Decreto 2834/1974, de 30 de agosto, publicado no BOE de 7 de outubro de 1974, polo que se declara o Mosteiro monumento histórico-artístico de carácter nacional.

- Constitución española de 1978 (CE)- Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril - Lei 16/1985, de 25 de xuño, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (LPHE)

- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)

- Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, definitivamente aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 31 de xaneiro de 1995.

- Plan Especial de Protección de Vilanova de Lourenzá, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 27 de decembro de 2007.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia integrado polos seguintes documentos: a) Memoria xustificativa dos seus fins, obxectivos e determinacións. b) Planos de delimitación dos ámbitos de aplicación dos instrumentos de ordenación do territorio. c) Planos de delimitación das afeccións sectoriais. d) Plano de identificación dos asentamentos de poboación. e) Ordenanzas tipo de edificación e uso do solo. f) Catálogo.

- As normas de carácter básico contidas na Lei reguladora das bases de réxime local (LBRL), artigos 79 a 82.

- O Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, artigos 74, 85 e





Concello de Lourenzá

86, conforme á disposición final sétima 1 b) do mesmo (TRRL).
- A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), nos preceptos que teñen carácter básico e que son de aplicación xeral ou plena conforme á disposición adicional segunda da propia lei.
- Os artigos 46.1, 48, 49 e 53 do Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da antedita Lei 33/2003 e de acordo coa súa disposición final única (RLPA). - A Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (título VII, capítulo I (LALGA).
- O Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).

2ª. Inmatriculación de bens inmoables das Administracións Públicas e da Igrexa. A inmatriculación como operación específica de natureza rexistral implica un primeiro asentamento de inscrición - tanto dende o punto de vista formal como material - dunha finca no Rexistro, para o cal o ordenamento xurídico esixe unha serie de requisitos e condicionantes acordados á dita operación, por supor o acceso orixinario aos libros do Rexistro dun obxecto susceptible de tráfico rexistral e con efectos substantivos. De acordo co parágrafo primeiro do art. 7 da LH a primeira inscrición da cada finca no Rexistro da Propiedade será de dominio e realizarase con arranxo aos procedementos regulados no Título VI. Nesta primeira inmatriculación a descrición da finca ha de ser o mais completa e exacta, de modo que permita a súa perfecta individualización respecto de calquera outra, dado que non debe haber dúbidas de que o obxecto do acto ou negocio xurídico recaia sobre a finca ou dereito claramente identificado. As vías previstas na LH para levar a cabo a inmatriculación son certificación administrativa de dominio (art. 206), dobre título (art.205), expediente de dominio (art.203) e as enumeradas no artigo 204. 2ª A. Certificación administrativa de dominio. A Lei hipotecaria de 8 de febreiro de 1861 introduciu un procedemento especial subsidiario favorecedor da inmatriculación de bens públicos e eclesiásticos dos que non existise título. Na exposición de motivos xustificábase este procedemento sinalando que gran parte destes bens carecían de título inscrito porque nunca o tiveron ou porque se extraviou ao incautarse deles o Estado. Coa reforma de 1944 e a redacción oficial da LH aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946, prohíbese o acceso ao Rexistro da Propiedade da posesión como situación de feito: "Os títulos referentes ao mero ou simple feito de posuír





Concello de Lourenzá

non serán inscribíbles”(art.5). Para a inscrición de bens inmoables do Estado, da Provincia, do Municipio e das Corporacións de Dereito público ou servizos que formasen parte da estrutura política do Estado e as da Igrexa Católica mantense o procedemento subsidiario da certificación administrativa de dominio estendida polo funcionario que tivese a cargo a administración dos inmoables con indicación do título ou modo de adquisición, conforme ao artigo 303 do RH. Aprobada a Constitución de 1978 debateuse a cuestión de se a equiparación da Igrexa co Estado, e con outras corporacións de dereito público, para o favorecemento do acceso ao Rexistro da súa propiedade inmoable era contraria ao disposto nos seus artigos 14 e 16.3, igualdade e aconfesionalidade do Estado respectivamente. Tamén o Tribunal Supremo, sen entrar a resolver sobre este aspecto ao fío dunha acción reivindicatoria promovida por unha comunidade de montes, opina que o artigo 206 da LH “se presenta como pouco conciliable con el artículo 14 de la Constitución”. Conclúe outorgando preferencia á posesión inmemorial dos veciños sobre a inscrición rexistral realizada ao amparo do artigo 206 da LH (sentenza 995/1996, de 18 de novembro). Fronte a esta opinión existen outras que sosteñen a constitucionalidade deste precepto e que non cabe cuestionar a lexitimidade da Igrexa Católica como titular dominical dos inmoables cuxa inmatriculación se funda na certificación eclesiástica emitida ao amparo do art. 206 da LH. Neste senso Carolina del Carmen Castillo Martínez, Actualidad Civil, Nº 1, Sección Dereitos reais e hipotecario, xaneiro 2023, La Ley. En calquera caso, non se deixou de aplicar este precepto polos tribunais nin se formulou cuestión de inconstitucionalidade ningunha. A Lei 13/1996, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social engadiu ó art. 206 un segundo parágrafo, sen modificar o anterior, para a inscrición a través de certificación administrativa de declaracións de obra nova, melloras e divisións horizontais de fincas urbanas e, sempre que non afecten a terceiros, de operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas do Estado e dos demais entes públicos estatais certificantes. A aplicabilidade deste parágrafo aos inmoables da Igrexa foi cuestionada con ocasión de inscricións de edificacións da Diocese de Lugo. Neste caso a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado (Resolución de 22 Maio de 2013), estimou que as esixencias impostas pola ordenación urbanística e da edificación impostas pola lexislación aplicable rexe para todos as hipóteses de acceso ao Rexistro da Propiedade de





Concello de Lourenzá

edificacións, incluíndo a inmatriculación de fincas con construcións no seu interior e tamén para as certificacións eclesiásticas estendidas ao amparo do artículo 206. Tampouco en sentenza 1176/2006, Sala 1ª, do Civil, de 16 de novembro de 2006, sobre acción reivindicatoria promovida polo Concello de Alzira fronte ao Arzobispado de Valencia, respecto da inscrición ao amparo do dito segundo parágrafo, dunha ermida santuario situada dentro dunha finca maior de propiedade municipal, se estima inconstitucional o acceso ao Rexistro mediante certificación eclesiástica, nin se considera procedente formular cuestión de inconstitucionalidade. O Real Decreto 1867/1998, de catro de setembro, polo que se modifica o Regulamento hipotecario suprimiu, "por inconstitucional" - exposición de motivos-, a prohibición de inscrición dos templos destinados ao culto católico (ata esta reforma os templos quedaban fóra do Rexistro por considerarse bens de dominio público) mantivo a redacción do art. 206. Polo tanto, o procedemento especial para a inscrición de bens da Igrexa estivo plenamente vixente ata a modificación pola Lei 13/2015, de 24 de xuño, de reforma da LH aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 e do texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo. Esta Lei modificou o artigo 206 suprimindo a mención á Igrexa Católica. Así mesmo quedan excluídas deste réxime as entidades xurídico privadas do sector público institucional. Na exposición de motivos sinalase: "El artículo 206 se ocupa de la inmatriculación de las fincas de las Administraciones Públicas y las entidades de Derecho público. Es destacable la desaparición de la posibilidad que la legislación de 1944-1946 otorgó a la Iglesia Católica de utilizar el procedimiento especial que regulaba aquel artículo. La autorización para que la Iglesia Católica utilizara aquel procedimiento ha de situarse en un contexto socioeconómico muy diferente del actual, influenciado aún por los efectos de las Leyes Desamortizadoras - a las que el Reglamento Hipotecario dedica todavía cuatro artículos- y la posterior recuperación de parte de los bienes por la Iglesia Católica, en muchos casos sin una titulación auténtica. Pero la desaparición progresiva de las circunstancias históricas a las que respondió su inclusión, así como el transcurso de un tiempo suficiente desde la reforma del Reglamento Hipotecario de 1998 que ya permitió la inscripción de los templos destinados al culto católico, proscrita hasta entonces, unida a la facilidad y normalidad actual, en una sociedad desarrollada, con una conciencia exacta del valor de los





Concello de Lourenzá

inmuebles y de su inscripción en el Registro de la Propiedad, que posibilita la obtención de una titulación adecuada para la inmatriculación de bienes, hacen que se considere que la utilización de este procedimiento especial por la Iglesia Católica, teniendo su razón de ser indiscutible en el pasado, sea hoy innecesaria.” Para a inscrición dos bens das Administracións públicas, esixida polo artigo 36.1 da LPAP, como norma xeral é necesaria a concorrencia de título escrito e da certificación administrativa acreditándose o modo de adquisición e a data de inclusión no Inventario correspondente do inmovible obxecto da certificación con indicación de referencia que teña asignada no mesmo, descrición, natureza patrimonial ou demanial e o seu destino ou afectación, adscrición ou reserva segundo os casos. Excepcionalmente, cando se careza de título inscribible bastará a certificación administrativa, cos demais requisitos sinalados, informe dos servizos xurídicos, certificación catastral descritiva e gráfica da parcela ou parcelas catastrais que se corresponda coa descrición literaria e a delimitación xeográfica da finca. De non existir certificación catastral, esíxese a representación gráfica xeorreferenciada alternativa. 2ª B. Dobre título. Antes da Lei 13/2015 existía a posibilidade de inmatriculación mediante título público de adquisición complementado con acta de notoriedade. Prevista no art. 205 da LH e 298.1 do RH, precisábase título público de adquisición e outro documento que acreditase de forma fiable (fehacientemente) o título adquisitivo da persoa transmitente. Se este segundo documento non acreditaba de forma fiable o título adquisitivo debía complementarse cunha acta de notoriedade nos termos do art. 203 da LH. Era necesaria a publicación de edictos no Taboleiro de Anuncios do Concello e a inmatriculación non tiña efectos fronte a terceiros ata que transcorresen dous anos dende a súa data. Conforme á redacción vixente do art. 205 da LH son necesarios dous títulos traslativos e o primeiro deles cun ano de antigüidade. Esíxese: - Identidade na descrición de ambos títulos e identidade entre o último título e a certificación catastral - Que o rexistrador non teña dúbidas fundadas sobre a coincidencia total ou parcial da finca cuxa inmatriculación se pretende con outra ou outras previamente inmatriculadas. 2ª C. Medios de inmatriculación previstos no art. 204 da LH. Trátase dos seguintes supostos enumerados taxativamente no art. 204 da LH:- Predios achegados a expedientes de transformación ou equidistribución urbanística e se pretenda a inmatriculación en virtude dos documentos en cuxa virtude se realiza á inscrición





Concello de Lourenzá

dos predios resultantes. - Predios de substitución resultantes de expedientes de concentración parcelaria. - Predios obxecto de expropiación forzosa. - Bens de titularidade pública resultantes de procedementos administrativos de deslinde. - En virtude de sentenza que ordene expresamente a inscrición, obtida en procedemento declaratorio en que fosen demandados todos aqueles que, de conformidade co disposto no artigo 203, deban intervir no expediente, observando as demais garantías previstas no dito artigo. 2ª D. Expediente de dominio. O artigo 203 da LH regula detalladamente o expediente de dominio. Este procedemento substitúe ao xudicial previsto no art. 201 antes da súa reforma pola Lei 13/2015, de 24 de xuño. Tramítase ante a Notaría hábil para actuar no distrito notarial onde radique a finca ou en calquera dos distritos colindantes. Iniciase por solicitude da persoa titular dominical da finca na que se describirá esta ademais de indicar os datos persoais e domicilio do promotor. A inmatriculación de predios levada a cabo en virtude de expediente de dominio non conta coa limitación da protección rexistral do artigo 34 da LH prevista no artigo 207 da LH para os supostos recollidos no art. 204, apartados 1, 2, 3 e 4; o artigo 205 e o artigo 206, hasta pasados dous anos contados dende a inscrición. Neste caso preténdese a inscrición no Rexistro da Propiedade, por este medio, da parcela catastral con referencia 7848002PJ3174N0001LF a favor da Diocese de Mondoñedo-Ferrol. Por Real Decreto 1759, Ministerio de Hacienda, publicado na Gaceta de Madrid número 291 de 17 de Outubro de 1928, cedeuse en Pleno dominio á Corporación dos Padres Beneditinos de Villanueva de Lorenzana a parte do Mosteiro, ou convento de Beneditinos, sito na antedita localidade que fora cedido en usufruto á expresada Corporación por Real Orde de 12 de agosto de 1925. Tamén se cede a parte do referido edificio que aínda non posuía, agás a denominada "Casa do Abade", onde estaban instaladas as Oficinas Municipais e as Escolas Nacionais. Ademais, por escritura de compravenda de 22 de outubro de 1924, outorgada por apoderado de Sor María de la Concepción Rodríguez Acebedo, a Corporación de Padres Beneditinos mercou unha horta con caseta de planta baixa dunha superficie de trinta e cinco áreas e setenta centiáreas situada na "Veiga do Atrio". Conforme á escritura de compravenda achegada, de 3 de novembro de 1943, o bispado adquiriu a propiedade de ambos inmobles por compra á dita Orde dos Beneditinos. Poloque respecta á personalidade xurídica dos outorgantes, a venda formalizouse durante a vixencia do Código de Dereito





Concello de Lourenzá

Canónico de 27 de maio de 1917. Os seus cánones 100, 1495, 1499 correspóndense esencialmente co 113,1;1254,1, que atribúe á «Iglesia Católica», por «derecho nativo, e independentemente de la potestad civil,» capacidade para adquirir bens temporais a fin de alcanzar os seus propios fins. O canon 1255 sinala que tal dereito o exerce a Igrexa Católica mediante a Santa Sede e as demais persoas xurídicas canónicas, ás que se atribúe, en particular, capacidade xurídicopatrimonial respecto dos bens a que se refire o canon precedente. Segundo o canon 1256, o dominio dos bens eclesiásticos corresponde á persoa xurídica que os adquirise. Con independencia das previsións que, a efectos internos, se conteñen na normativa canónica respecto da personalidade xurídica, capacidade de adquirir bens e autorizacións para a adquisición e alleamento de bens pola Igrexa, Congregacións e Ordes relixiosas, o Estado recoñecelles a personalidade xurídica (Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos xurídicos, asinado o 3 de xaneiro de 1979). Na escritura de compravenda o notario reseña que os outorgantes, ao seu xuízo, teñen capacidade legal para outorgala. Nela descríbense os inmobles do seguinte modo: "1- Edificio conocido por Claustro del Conde Santo, con sus dependencias altas y bajas, que forma parte del Monasterio de San Salvador de Lorenzana, con su huerta contigua y accesoria en la que existen los restos de la antigua cocina y torreón y con la parte alta de la Iglesia Parroquial de Valdeflores, llamada Biblioteca y a continuación otra dependencia ocupada actualmente con carácter provisional por el Ayuntamiento con consentimiento de la Comunidad y tolerancia de la misma. Todo forma una finca que linda al Norte con terreno público en parte, y en parte con muralla de la antigua huerta del Monasterio; A Sur, con el Cantón público y jardinillo accesorio de la finca que se describe situado frente a la Iglesia parroquial aludida; a Este, al otro claustro destruido a casa rectoral y camino público, y a Oeste, locales destinados a Ayuntamiento, Juzgado, escuelas y otros servicios municipales y que antiguamente llamaron en su conjunto Casa del Abad, y confinando también en parte por este viento con terreno público. El edificio aquí reseñado y descrito tiene entrada por la puerta principal del antiguo Monasterio y acceso por la escalera general del Ayuntamiento de la cual parte un tramo a la derecha para servicio de la finca deslindada. 2- En la Veiga del Atrio una huerta en la que existe una caseta de planta baja y de una superficie total de quince ferrados y quince cuartillos, o sean treinta y cinco áreas y setenta





Concello de Lourenzá

centiáreas, y que confina a Norte, labradío de herederos de D. Benito traveso; a Sur, muralla de huerta de los sucesores de D. Francisco Martínez Bengoechea; Este, camino de carro que de las Plazas sigue al punto llamado Cabaleiro, y Oeste, otro camino que de la alambrada del Atrio, sigue a los molinos que fueron del Monasterio”

Na acta notarial de inicio do expediente recóllese que o representante do Bispado manifesta que a parcela ou solar ten unha superficie 7.562 m², contando o edificado cunha superficie de 6.660 m². A arquitecta ao servizo do Concello informou sobre a identificación dos bens obxectos do expediente de dominio en coincidencia co solicitado polo representante do Bispado á notaría. O Concello ten formalizado varios convenios coa Diocese nos que se lle recoñece a propiedade da parcela catastral obxecto do expediente de dominio e se destaca a relevancia histórica, patrimonial e artística do conxunto. De acordo coa acta notarial levantada acompañase á solicitude a documentación relacionada no art 203. 1 regra segunda da LH (título, certificación catastral descriptiva e gráfica, expresión de titulares catastrais e das parcelas lindeiras, datos de localización, nome e domicilio dos propietarios actuais se fosen distintos dos titulares catastrais, cargas e gravames e os seus titulares, afeccións e accións reais e posuidores). A Notaría notifica ao Concello en calidade de titular catastral de finca lindeira, remite anuncio para a exposición no Taboleiro e publicou no B.O.E. núm. 19 de 22 de xaneiro de 2024 un edicto en cumprimento do disposto no art. 203 regra quinta para os efectos de que calquera persoa interesada poida facer valer os seus dereitos. Isto presupón que o Rexistro da Propiedade verificou: a) a correspondencia entre a descrición contida no título de propiedade aportado e a certificación catastral. b) a falta de previa inmatriculación da finca a favor de ningunha persoa. c) a ausencia de dúbidas fundadas sobre a coincidencia total ou parcial da finca cuxa inmatriculación se solicita con outra ou outras que fosen inmatriculadas previamente. Conforme a regra sexta do art. 203.1, de formulase oposición por calquera das persoas interesadas, con expresión da causa na que se funde, a Notaría dará por concluso o expediente e arquivará as actuacións dando conta inmediata ao Rexistro. Neste caso, o promotor poderá formular demanda en xuízo declarativo contra todos os que se opuxeran, ante o Xulgado de primeira instancia correspondente ao lugar en que radique a finca. Noutro caso, a Notaría estenderá acta accedendo á pretensión do solicitante, na que se





Concello de Lourenzá

recollerán as incidencias do expediente, os documentos aportados, así como a falta de oposición por parte de ningún dos posibles interesados, e remitirá copia ao Rexistro para que se practique, se procede, a inmatriculación solicitada. En caso de cualificación positiva polo rexistrador, este estenderá a inscrición do dereito de dominio, cuxos efectos se retrotraerán á data do asento de presentación inicial da actareivindicatoria (art. 348 cc) e solicitaríase a cancelación da inscrición controvertida (art. 1.3 e 38 da LH). A persoa accionante ten a carga de demostrar cumpridamente que é titular dominical do ben cuxa propiedade reclama e a demandada poderá opor a adquisición por usucapión. A prescrición adquisitiva permite adquirir o dominio por medio da posesión en concepto de dono, polos períodos de tempo e cos requisitos preestablecidos nos arts. 609 e 1930 do cc. Non é suficiente a tenencia material ou simple, é necesario un "plus" dominical de actuar e presentarse como efectivo dono e propietario: o art. 1942 do cc indica que "non aproveitan para a posesión os actos de carácter posesorio executados en virtude de licenza ou por mera tolerancia do dono". Finalmente, a inscrición equivale a xusto título para os efectos de usucapión sempre que non adoeza de defectos substanciais. Pode chegar a amparar títulos anulables pero non poderá dar cobertura a títulos nulos de pleno dereito (art. 33 LH). 4ª Monumento histórico-artístico de carácter nacional. Cando tivo lugar a compravenda (1943) e ata a súa derogación pola Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio histórico español, estaban en vigor o Real Decreto Lei de 9 de agosto de 1926 sobre protección, conservación e acrecentamento da riqueza artística; a Lei de 10 de decembro de 1931 sobre alleamento de bens artísticos, arqueolóxicos e históricos de máis de cen anos de antigüidade; a Lei de 13 de maio de 1933 sobre defensa, conservación e acrecentamento do patrimonio histórico-artístico e o Regulamento de 16 de abril de 1936, de aplicación da Lei do tesouro artístico nacional. O Real Decreto Lei de 1926 establece restricións ás vendas de bens eclesiásticos declarando subsistente a esixencia de autorizacións do Ministerio de Gracia y Justicia e a nulidade dos contratos que non a obtiveran. Tamén os Códigos de Dereito Canónico de 1917 (cánones 1530-1534) e de 1983 (cánones 1291-1298), esixen licenza do bispo diocesano e da Santa Sede para o alleamento de bens histórico-artísticos propiedade das entidades eclesiásticas e dos Institutos de Vida Consagrada. O Mosteiro foi declarado monumento histórico-artístico de carácter





Concello de Lourenzá

nacional por Decreto 2834/1974, de 30 de agosto, publicado no BOE de 7 de outubro de 1974. Por isto, agás que a Administración do Estado achegue acreditación de declaracións anteriores para a súa protección, é a partir desta declaración cando os inmobles están suxeitos ás limitacións propias da súa condición en aras de favorecer a súa conservación. A Constitución de 1978 dispón no art. 46 que “os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio”. De conformidade co artigo 149.1.28 da CE o Estado ten competencia exclusiva para «a defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a expoliación; museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión polas comunidades autónomas». No art. 148.1.16 establecece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de «patrimonio monumental de interese para a comunidade autónoma». Sobre esta base constitucional ditouse a Lei 16/1985, de 25 de xuño, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. Esta lei convive coas distintas leis de patrimonio histórico ou cultural ditadas polas comunidades autónomas, que asumiron competencias nesta materia a través dos respectivos estatutos de autonomía. O Tribunal Constitucional (sentenzas 17/1991, de 31 de xaneiro; 20/2013, de 31 de xaneiro e 122/2014, de 17 de xullo) sinala que o art. 149.2 CE confire ao Estado unha competencia concorrente coas Comunidades Autónomas ordenada a preservación e estímulo dos valores culturais propios do corpo social. No fundamento 3 desta sentenza sinalase que o correcto entendemento da competencia estatal deixa a materia patrimonio histórico, salvo a súa defensa contra a espoliación e a exportación, deixando a un lado os bens de titularidade estatal, nas mans das comunidades autónomas que a asumiran estatutariamente. Pecha o marco competencial das Administracións a atribución aos concellos de competencias propias relativas á protección e xestión do patrimonio histórico, integradas no título competencial referido ao urbanismo e nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica (art.25. 2 a) LBRL). Pola súa parte, o art 7 da LPHE asígnalles aos concellos competencias de cooperación cos organismos competentes para a execución da Lei, na conservación e custodia do patrimonio histórico comprendido no seu termo





Concello de Lourenzá

municipal. O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución sobre a competencia estatal para a defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental contra a exportación e a expoliación. As Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial aprobadas por Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (DOG de 16 de abril de 1991) publicadas por medio de Resolución de 14 de maio de 1991 - DOG 19/06/1991- incluían ao Mosteiro na listaxe do patrimonio catalogado da provincia de Lugo (DOG de 12 de xullo de 1991). Así a primeira Lei de Patrimonio Cultural de Galicia (Lei 8/1995, de outubro) estableceu na disposición adicional primeira: "Todos aqueles bens mobles e inmobles sitios no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que houberen sido declarados de interese cultural con anterioridade á entrada en vigor desta Lei pasarán a ter a consideración de bens de interese cultural e quedarán sometidos ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes". Na disposición adicional segunda estableceu: "En virtude desta lei inclúense no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens recollidos nos catálogos das normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas pola Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 3 de abril de 1991, así como os contidos nos catálogos de calquera outra figura de planeamento." Derrogadas as normas Subsidiarias e Complementarias do Planeamento Provincial polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia recóllese no seu Catálogo o Mosteiro como BIC. O Concello aprobou en sesión 27/12/2007 o Plan Especial de Protección de Vilanova de Lourenza para a ordenación e protección do territorio delimitado como entorno do B.I.C. (Ben de Interese Cultural) do Mosteiro. A LPCG vixente recolle no seu art.55, en termos similares a LPHE, a obriga dos concellos de redactar un plan especial de protección dos conxuntos e sitios históricos declarados bens de interese cultural que se poderá estender ao entorno de protección do ben e a zona de amortiguamento, de selo o caso. A LPCG recolle as obrigas das persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias, e





Concello de Lourenzá

en xeral, das titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do Patrimonio Cultural de Galicia de: a) conservarlos, mantelos, custodialos debidamente e de evitar a súa perda, destrución ou deterioro (art.32) b) permitir o acceso a persoal inspector habilitado, investigador acreditado, persoal técnico designado pola Administración para realización de informes (art.36) c) comunicación á consellería competente de danos ou prexuízos. Esta obriga tamén lles compete aos concellos (art 38) d) someterse ao réxime específico de autorizacións de obras, actuacións e intervencións (art. 39 e ss) e) permitir visita pública gratuíta polo menos catro días ao mes, durante catro horas diarias (art.48) f) autorización restritiva de desprazamentos ou remocións (art.52) Ademais a vixente LPCG recolle no artigo 49 os dereitos de tanteo e retracto a favor da Xunta de Galicia. Establece:

“1 Calquera pretensión de transmisión onerosa da propiedade ou de calquera dereito real de desfrute dos bens de interese cultural deberalle ser notificada, de forma que faga fe, á consellaría competente en materia de patrimonio cultural con indicación do prezo e das condicións en que se propoña realizar aquela. En todo caso, na comunicación da transmisión deberá acreditarse tamén a identidade da persoa adquirente”/...

3. A Xunta de Galicia dispoñerá dun prazo de tres meses para exercer o dereito de tanteo para si ou para outras institucións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro, tendo preferencia a Xunta de Galicia en caso concorrencia de intereses. Obrigarase a pagar o prezo convidado ou o de remate da poxa. No caso dos bens de interese cultural de carácter territorial das categorías do artigo 10, o exercicio do dito dereito limitarase aos inmobles individualmente inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

4. Se a pretensión de transmisión e as súas condicións non foren notificadas correctamente, poderase exercer, nos mesmos termos previstos no punto anterior, o dereito de retracto, no prazo dun ano a partir da data en que se teña coñecemento das condición e do prezo do alleamento. No artigo 50 preceptúa: “1. Para a formalización de escrituras públicas de adquisición ou transmisión de dereitos reais sobre bens declarados de interese cultural acreditarase previamente o cumprimento do establecido nesta lei en relación cos dereitos de tanteo e retracto.

2. A acreditación do cumprimento dos ditos requisitos tamén é necesaria para a





Concello de Lourenzá

inscrición dos títulos correspondentes no Rexistro da Propiedade.” Polo que antecede conclúese que: 1. O expediente de dominio promovido polo Bispo adecúase ao establecido no art. 203 da Lei Hipotecaria debendo acreditarse ante o Rexistro da Propiedade o cumprimento dos requisitos establecidos no art.50 da Lei 5/ 2016, de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia en relación co exercicio dos dereitos de tanteo e retracto por parte da Xunta de Galicia. Deberá constar no Rexistro da Propiedade a cualificación do Mosteiro como Ben de Interese Cultural declarado Monumento Histórico Artístico por Decreto 2834/1974, de 30 de agosto (BOE de 7 de outubro de 1974). 2. Unha vez inmatriculado o ben a favor da Igrexa Católica, de concluírse que unha Administración Pública é propietaria do ben procedería o exercicio dunha acción reivindicatoria (art. 348 Código Civil). A persoa demandante ten a carga de demostrar cumpridamente que é titular dominical do ben cuxa propiedade reclama e a demandada poderá opor a adquisición por usucapión. 3. A inclusión dun ben inmovible no patrimonio histórico e/ou a declaración de BIC, non determinan a titularidade en favor da Administración pero supoñen limitacións para as persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias, e en xeral, das titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do Patrimonio Cultural.”

Todos os grupos políticos se dan por enterados.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA ESFORZO FISCAL ANO 2022

Dase conta dos datos do esforzo fiscal do ano 2022 enviados o Ministerio, aclarando que non se subiron os impostos.

Todos os grupos políticos se dan por enterados.

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O 01/05/2024 ATA O 12/07/2024

A concelleira do PP, D^a Sandra Gómez, pide explicacións acerca de varias resolucións:

Resolución núm. 8 dunha factura de 3557.-€ por un servizo de autocar ao que se lle aclara que de transporte de BAC, que asume o Concello do curso 23-24.

Resolución núm. 59 que inclúe dúas facturas, con un mesmo importe a nome de





Concello de Lourenzá

Don Rodrigo Rodríguez Ramos, en concepto de luminarias e por importe de 2176.-€ cada unha, ¿Cómo hai dúas facturas iguais? Pola Alcaldía afirmase que corresponden a dous submnistros de dúas farolas idénticas, unha diante da Librería e a outra podo miralo e confirmalo.

Resolución núm. 65 que hai un contrato para un tractorista e para unha traballadora forestal, contrato según se reflexa, asinado o 3 de xuño e por 9 meses, ¿dónde están traballando?

O Sr. Huertas, concelleiro do PSOE, afirma que entraron dúas persoas pero unha delas sufriu un accidente ao empezar a traballar e que está de baixa.

Resolución núm. 86, onde a Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, concedeu unha axuda de 32.215.-€ para contratar a dous traballadores desempregados para tarefas de prevención de incendio, de limpeza forestal e xestión de biomasa durante 9 meses, ¿esas persoas tamén están traballando? Sí, tanto o persoal contrato en APROL como en DEPUEMPREGO están traballando.

Asimesmo pola Alcaldía tamén se aclara que o programa DEPUEMPREGO fora modificado para contratar a un albanel.

Resolución, onde figura D. Ángel Morán Cabanas, o 29/09 fixo un servizo de 1.500.-€, ¿de qué é ese servizo?

A Sra. Alcaldesa aclara que foi a repatriación de un cidadán rumano falecido.

Todos os grupos políticos se dan por enterados.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGO: ROGO DO BNG:CORREOS

María Belén Fanega Barreira, concelleira do BNG no concello de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, manifesta o seguinte:

A oficina de Correos de Lourenzá leva anos con horario de apertura reducido a 2 horas diarias de luns a venres (de 08:30 a 10:30 horas).

Actualmente apareceu un novo aviso no que se indica que a partires do vindeiro 1 de xullo de 2024, o horario de atención ao público será de 08:30 a 09:30 horas de luns a venres alegando





Concello de Lourenzá

"necesidades do servízo".

Dende o BNG consideramos que non podemos permitirmos esa mingua no horario de atención ao público nun concello que pouco a pouco vai quedando sen todo tipo de servizos o que fai que precisemos desprazarnos para realizar calquera trámite como pode ser o pago dunha multa, servizo que de feito xa non se presta na oficina laurentina e debemos ir a Foz ou Mondoñedo como lugares máis achegados.

Correos é un servizo que ademais do reparto postal da outras prestacións como poden ser o envío de documentos administrativos ás distintas Administracións Públicas, a recepción ou envío de xiros e reembolsos e mesmo o transporte de mochilas, bicicletas ou maletas a peregrinos que fan o Camiño de Santiago.

Por todo isto, ROGAMOS que se teña por presentada a nasa queixa e se proceda a facer a tramitación e xestións pertinentes para devolver este servizo ao seu horario anterior, xa de por si reducido. Non debemos consentir que sigamos tendo servizos públicos precarios, pasto que os nosos impostos danos dereito a obter e esixir uns servizos de calidade. A voceira do BNG manifesta que, ve que hai rexistrados dou rogos pero na realidade tiña 3, un do 25 de xullo que o mellor non tomaron como rogo.

A voceira do BNG manifesta que falta un rogo .
A Sra. Alcaldesa pregunta se é o de correos?

A voceira do BNG di que sí.

A Sra. Alcaldesa manifesta que non se tomou como rogo e responde que si, xa está outra vez restablecido o servizo e de feito era unha cousa puntual por unha sobrecarga do servizo e a verdade non o metín.

A voceira do BNG manifesta que lle gustaría que constara na acta, e non sabe se fai falta que o lea outra vez e non sabe si fai falta si xa o teñen rexistrado.

A Sra. Alcaldesa, responde, recollemos que conste o rogo.

A voceira do BNG está de acordo.

ROGO: ROGO DO BNG: PUNTOS DE ALUMEADO PISTA POLIDEPORTIVA





Concello de Lourenzá

DE **SANTO** **ADRAO**

A voceira do BNG le o seguinte ROGO:
M^a Belén Fanego Barreira, concelleira do BNG no Concello de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente presenta ao Pleno da Corporación o seguinte ROGO:
A pista polideportiva da parroquia de Santo Adrao é o único lugar público e cuberto onde nenos e rapaces poden xogar ou practicar deporte ao ar libre e sen mollarse cando chove.
Dita pista carece de alumeado, polo que nos días máis curtos do outono e inverno, ás 6 da tarde xa é noite e non se ve.
Por isto rogámoslle que poña algún punto de alumeado que faga posible a práctica do deporte entre os rapaces. Non parece moi difícil nin moi caro poñer eses puntos de luz tendo en conta que ao lado se atopa o colexio e sería doado levar de aí a elctricidade, instalando mesmo algún tipo de sensor para evitar un consumo excesivo si a pista non está sendo empregada.
Lourenzá, 4 de xullo de 2024.
A voceira do BNG, manifesta que este rogo xa está feito é para poñer un punto de luz mentras non se fan outras cousas e incluso un punto de luz cun sensor para que se poida ir facendo de cara a antes de que chegue o inverno, que basicamente tamén xa está feito.

A Sra. Alcaldesa Rresponde que si.

ROGO: ROGO DO BNG: CUMPRIMENTO DA LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

A voceira do BNG le o seguinte ROGO:

M^a Belén Fanego Barreira concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Lourenzá, presenta ao Pleno Municipal o seguinte ROGO:

Que se faga cumprir a LEi 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza.

Adxunto fotos.

Lourenzá, a 9 de xullo de 2024.





Concello de Lourenzá



Cod. Validación: 4XCX7SPHAXK4D2EYCSA22725P
Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 40

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenz



Cod. Validacin: 4XCVTSPHAXK4D2EYCSA22725P
Correccin: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pgina 26 a 40


Concello de Lourenz

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá



Cod. Validación: 4XCX75PHAXK4D2EYCSA22725P
Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento esinado electrónicamente desde a plataforma xestiona_esPublico | Páxina 27 a 40

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

Cod. Validación: 4XC7SPHAXK4D2EYCSA22725P
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 40

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá



Cod. Validación: 4XC75PFAK4D2EYCSA22725P
Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 29 a 40

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenz



Cod. Validacin: 4XCX7SPHAXK4D2EYCSA22725P
Correccin: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrnicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Pgina 30 a 40

Concello de Lourenz

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenz. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

A voceira do BNG, manifesta que o último rogo que ten e para que faga cumprir en todo o Concello a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Sra. Alcaldesa responde que polas fotos non soubo onde era.

A voceira do BNG, manifesta que é indiferente de donde sexa.

A Sra. Alcaldesa reponde que, o que poxeches aquí xa sei onde é Machuco, Redondelo, non me daba conta onde era.

A voceira do BNG, segue manifesta que é igual,, non importa, puxen esas como puiden poñer outras, os camiños están cerrados competamente xa non me refiro as pistas forestais, cerc das casas.

A Sra. Alcaldesa responde que, agora co convenio de incendios da Xunta, as pistas forestais, vai unha parte para mecanizados.

A voceira do BNG, engade que nas pistas forestais non se transita xa non e custión de que estén rozadas ou non , eu refírome os núcleos cercanos as casas, a xente que vive nesas casas que o teñen ahí cerca a menos de dez metros.

A Sra. Sandra Concelleira do PP pregunta se este ano se solicitou Brigada de incendios? Con esta sería mais persoal.

A Sra. Alcaldesa reponde que se solicitou mecanizada, a mecaniza é una cousa e a brigada outra. Outros anos si se contrataba brigada, últimamente optamos pola mecanizada porque se necesita moita nas pistas forestais.

<p>ROGO: ROGO DO PP: MELLORA ACCESO AO CENTRO SOCIAL DE STO TOMÉ ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA</p>
--

O voceiro do Partido Popular le o seguinte ROGO: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte ROGO

Nas pasadas eleccións ao Parlamento Europeo, veciños do Centro Social de Santo Tomé trasladáronnos queixas relativas ao acceso a dito local. Este acceso resulta complicado e perigoso para persoas con mobilidade reducida. Xa nas anteriores eleccións autonómicas algunhas persoas tiveron que votar no exterior debido ás deficientes condicións de acceso.





Concello de Lourenzá

Para resolver esta situación e garantir a accesibilidade a todas as persoas, rogamos a instalación dunha varanda no muro das escaleiras da entrada ao Centro Social e a construción dunha rampla de acceso en condicións adecuadas, para facilitar a entrada ao local a persoas con mobilidade reducida. Estas melloras son esenciais para asegurar que todos os veciños poidan acceder ao Centro Social de Santo Tomé de forma segura e exercer os seus dereitos sen impedimentos.

O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 16 de xullo de 2024. O voceiro do PP, engade que están pensando que Santo Adriano tampouco ten rampla.

A Sra. Alcadesa responde que si que ten rampla, de feio xa no lo trasladaron a nos.

ROGO: ROGO DO PP: MELLORA E LIMPEZA E ARRANXO MOBILIDARIO URBANO

O Sr. Díaz, voceiro do PP, le o seguinte ROGO Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte ROGO. Ainda que estes rogos poidan parecer reiterativos é importante pensar na imaxe que proxectamos aos visitantes e residentes en Lourenzá. Póñanse na pel de alguén que está realizando o Camiño de Santiago ou simplemente de visita ao noso concello. Nada máis chegar atopámonos cunha fermosa escultura que representa aos peregrinos, imaxe que ten unha pintada e que non se limpa a pesar de o pedimos en reiteradas ocasións. Se continuamos o percorrido, ao pasar pola Ponte da PEdra o pimiento que ven é un banco roto e deteriorado e maceteiros con flora salvaxe. Tras isto vemos numeroso farois estragados e rotos, outros tiradas desde fai anos e cubertas pola vexetación. Farois que se retiraron sen repoñer, baldosas levantadas que representan un perigo por posibles tropezoños e posibles caídas, bancos deteriorados fronte á Praza do Concello e maleza que sobresa das fincas en pleno centro, entre outros problemas. A imaxe que se proxecta é a dun municipio abandonado, sucio e sen interese por parte dos gobernantes municipais por melloralo e mantelo en boas condicións.





Concello de Lourenzá

Lourenzá merece unha imaxe acorde á súa historia e beleza. Por iso, rogamos encarecidamente a mellora e limpeza do noso pobo, así como a adecuada reposición e mantemento do mobiliario urbano deteriorado. O que se lle traslada aos efectos oportunos en Lourenzá, a 16 de xullo de 2024.

PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: LIMPEZA RIOS

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA O estado de limpeza dos ríos do noso concello deixa bastante que desexar, por que no se realizan limpeza dos mesmos? Lourenzá, 16 de xullo de 2024.

A Sra. Alcadesa responde que, con respecto a limpeza dos ríos, que todos saben que é necesario, por unha parte, sería competencia municipal o tramo urbano e no resto dos casos competencia da Xunta, actúase naqueles caso que hai atascos en tramo urbano e non urbano, para que cando haxa unha crecida non desborde. Si se refire a unha tarefas de mantemento, conservación, desbroce digamos completo, mais integral que tampouco se pode facer como se quere, porque Augas de Galicia establéceche unas directrices, intense que pola zona do Pereiro que se fixera unha poda mais integral, o que é árbore viva non teñen autorización para facelo nin tampouco autorizaban o leito do río.

Dona Sandra pregunta se dende o Concello se fai unha solicitude a Augas de Galicia e que se mostra cales cales son os ríos ou que molesta, normalmente seiño por outros Concellos, non pon ningún impedimento.

A Sra. Alcadesa reponde que para a retirada de árbores mortas non, pero si se solicita para iso ou se comunica si. En determinadas ocasións fíxose, e hai que especificar e ven unha visita do guardia e solicitan mais documentación.

A Sra Remedios pregunta que polas árbores caídas como se quitan, e que sería interesante manter unha reunión con Augas de Galicia para aclarar todo.

O cal reponden Don Manuel Arango e Don Javier Huertas que se intenta dar solución a caída de árbores canto antes, cando se producen xa que non se pode esperar 15 días a que deixen sácalo porque é necesario e urxente facelo.





Concello de Lourenzá

O Sr. Huertas manifesta que que estamos esperando para arranxar a área do Pereiro que caeu un cacho. A ponte da Clara esta solicitado para arranxala, ea Ferrería tamén, a ponte do Peto, estamos esperando por todo iso, polos informes.

PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: CARENCIAS PORTAL DE TRANSPARENCIA

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA Reiteramos xa en varias ocasións, e seguimos atopándonos coas carencias habituais, un portal de transparencia que figura en branco, se datos fiscais, datos de inversións, pago medio a provedores, falta de información sobre volumen de contratos públicos.

A lei de transparencia recoñece a tódalas persoas o dereito de acceso a información pública. Este dereito funciona coma unha chave que permite a calquera persoa acceder a información pública, é dicir, aquela que se atopa en poder de calquera institución pública. É importante que os veciños sexan coñecedores da rendición de contas por parte do concello para poder valorar e coñecer a xestión dos seus gobernantes. Tódalas administracións pública, ministerios, comunidades autónomas e concellos deben cumprir a lei de transparencia. Cales son as razóns para que a web do concellos de Lourenzá siga sen actualizar e posta o día?

Cales son as razóns para non cumprir coa lei de transparencia e acceso a información pública?

Lourenzá, a 16 de xullo de 2024.

A Sra. Alcadesa responde que, con respecto a esto no tablón de anuncios da web si que vai publicando todo o que consideramos que ten que ver co Concello .

O voceiro do PP manifesta que, si te vas o enlace do portal de transparencia e eso non funciona e que quere que conste en acta que as actas non se ven.

A Sra. Alcadesa responde que, vale pero non é que non se poña ninguna información.





Concello de Lourenzá

PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: PAI

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA Desde o pasado mes de xuño, unha traballadora do Punto de Atención á Infancia (PAI) está de baixa. Gustaríanos saber quen está cubrindo esa baixa para garantir o correcto funcionamento do PAI, dado que a falta dunha traballadora afecta ao número de nenos atendidos, incrementando riscos e incumprindo a normativa vixente. Ademais, cal é a situación da matrícula de nonos para o próximo ano, xa que moitos pais están optando por levar os seus fillos a garderías doutros concellos que ofrecen condicións máis seguras e mellores que as actuais en Lourenzá. Rogamos nos dean unha resposta para aclarar e asegurar que se están tomando as medidas adecuadas para garantir a seguridade e o benestar dos nenos do PAI. Lourenzá, 16 de xullo de 2024.

A Sra. Alcaldesa responde que, afirmar que se está poñendo en perigo a seguridade dos nenos, non é así, xa que eso está en primeiro lugar, facer esa afirmación e como cuestinar un funcionamento do PAI, vender unha imaxe que non é, da profesionalidade da xente que traballa alí; chegar a segurar que optan por levar os seu sfillos a guardería a outros Concellos que ofrecen condicións mais seguras que no PAI de aquí non hai seguridade, seso non é verdade e tampoco o é que se chegou a imcplir a normativa vixente, o que é certo e que se estivo cunha traballadora de baixa, hai duas mestras mais mais un persoal laboral para cubriilo, está tal cmo manda a lei, e como consta nas inspeccións que fai a Xunta, ´so cando é unha baixa de larga duración como pode ser unha maternidade cúbrese temporalmente, esta supervisado or política social da Xunta, en todo momento a seguridade dos nenos estivo garantida, e si e verdade que unha familia non obtivo plaza e respecto a matrícula reitera información ofrecida no Pleno anterior.

Dona Sandra pregunta se quedan tres plazas libres.

A Sra. Alcaldesa reponde que si.





Concello de Lourenzá

Doña Remedios pregunta que como se establece o horario, se e de 8:00 a 16:00, se está todo o persoal con titulación dende primeira hora o a persoa que vai axudar e o mesmo o final da xornada.

A Sra. Alcaldesa responde que, unha vez que están todos inscritos faise unha reunión cos país e de acordo con eles. O horario é ese antes fai anos era ata as 20:00, dende primeira hora está un titular e a persoa que axuda, porque non todos os nenos están as 8:00, os nenos no están todos de 8: a 16:00.

Dona Sandra pregunta se cumpren o horario e a que hora se pecha xa que algunhas veces as 15:30.

A Sra. Alcaldesa reponde que cumpren o horario e que está alí de 8 a 16:00 e alguna vez se pechou as 15:30 se non hai nenos.

Don Manuel Arnago manifesta que, no final de curso todos os país manifestan que están encantados coa guardería.

PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: HORAS TRABALLADAS TRACTOR E MAQUINA EXCAVADORA XUÑO

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA Cantas horas traballaron tanto o tractor como a máquina escavadora durante o mes de Xuño?? e cantas horas marca a día de hoxe os seus contadores? Lourenzá, 16 de xuño de 2024.

A Sra. Alcaldesa responde que, non as ten contabilizadas, supoño que polo tractor preguntades polo mes de xuño que é cando mais se necesita e cando menos se puido traballar, coincidiu que a persoa que facía ese traballo estaba de baixa e cubriuse con outra persoa pero aínda así non se traballou o cen por cen. Respecto da pala non é un servizo que polas necesidades que traballar todos os días non e o mesmo que o tractor, intentase agrupar o traballo en función das necesidades.

PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: REFORMA PISCINA

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do





Concello de Lourenzá

Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA

En nome do Grupo do Partido Popular expresamos a nos profunda preocupación e descontento en relación coa Reforma Integral da piscina municipal que prometeu a alcaldesa no pleno do pasado 10 de Outubro de 2023. Rocío López comprometeuse, con palabras textuais, "a realizar unha reforma completa da piscina de cara o verán de 2024", indicando que, por este motivo, no se cambiarían nin repararían os elementos en mal estado ata entón. Despois de pasar o outono, o inverno e a primavera chegamos xa o verán de 2024 e observamos que a mencionada reforma integral non se levou a cabo da maneira que prometeron. Unicamente se realizaron algúns cambios que ata parecen ser ou son de segunda man, sen unha adecuada solución aos problemas existentes.

Os veciños seguen a trasladarnos as deficiencias que se detectan como:

- A entrada da piscina está chea de fochancas. Nada máis entrar xa parece que é unha piscina para bebés dada a profundidade que teñen. Con este tipo de buratos hai un elevado risco de caídas, sobre todo os nenos.
- O chan segue sen repararse adecuadamente. Unicamente se realizaron remendos.

- O muro permanece sen arranxar e debaixo da arboreda, ao carón das duchas, semella que hai unha escombrera.

- A piscina dos pequenos ten unha fuga, polo que os socorristas téñena que encher a diario cunha cantidade considerable de auga.

Todas estas eivas son notorias e non poden alegar descoñecemento e todos os veciños temos que sufrilas porque vostedes seguen sen tomar unha solución para arranxalas.

Os laurentinos merecemos uns bos servizos por parte do Concello. Por todo isto, o Grupo do Partido Popular pregunta ao goberno local cando se van a facer os traballos que prometeron e que a día d'ehoxe non cumpriron adecuadamente e non só con solucións temporais para garantir aos veciños e usuarios as instalacións que merecen?

Lourenzá, 16 de xullo de 2024.

A Sra. Alcaldesa responde que, si que é verdade que igual debería de ser algo mais prudente cando dixen unha refroma integral, xa que en función dos





Concello de Lourenzá

presupostos que manexamos limitannos e tivemos que facer reformas parciais, aranxaronse as duchas, as portas, a grifería, os espellos, parte das plaquetas e respecto a entrada non me parece a solución a rexeneración de cemento, para facelo ben necesitase outro tipo de actuación e se hai unha pequen afuga non hai que rellenar a priscina todos os días.

Dona Sandra pregunta que e o que din os socorristas, se se vai arranxar, as toallas que se poñen no céspede saen molladas.

A Sra. Alcaldesa responde que, eles non son os que fan relleno da piscina, todos os días hai que facer tomas nas dúas piscinas, hai unha porción de auga que se rexenera nas dúas piscinas. Agora e inviable non se pode levantar o céspede.

Dona Remedios di que o vestuario está sucio, o pestillo quedei alí pechada.

A Sra. Alcaldesa responde que, mañá xa o irán mirar.

PREGUNTA :PREGUNTA DO PP: SUBVENCIONS LETRAS GALEGAS 2023

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA Cales foron as cuantías recibidas polas diferentes administracións que subvencionaron as letras galegas 2023 adicadas a Francisco Fernández del Riego, a cal foi a cuantía que investiu o concello de Lourenzá, e o desglose das mesmas?

Tamén quixéramos saber si quedan pagos pendentes, en realción as letras galegas 2023?

Lourenzá, a 16 de xullo de 2024.

Don Manuel Arango reponde que, eso xa o deben de saber porque estaban na mesa. Houbo unha subvención da deputación de 60.000,00 euros e a Xunta fixo cousas pero fixéronas eles directamente.

Dona Sandra di que mentras ela estivo non se falou nada.

Dona Remedios pregunta se houbo coordinación co Concello.

A Sra. Alcaldesa responde que sí.

Don Manuel Arango manifesta que os gastos ascenderon a 87.650,00 euros e fai





Concello de Lourenzá

un desglose dos distintos gastos, e entendo que non hai ninguna factura sen pagar.

PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: ESTRADA QUE CONECTA COA CAZOLGA

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA No pleno do pasado 10 de Outubro de 2023 volvemos a tratar a mellora da estrada que conecta coa parroquia da Cazolga. A alcaldesa volveu a mencionar que o 13 de Abril de 2023 se presentara o escrito asinado polos tres grupos políticos na Deputación e que llo comunicara á Asociación de Veciños. Cando o Grupo do Partido Popular levou este rogo á Deputación a resposta do Sr. Presidente da mesma indicou que a cuestión xa fora falada coa alcaldesa e no pleno de Outubro de 2023 Rocio López nos comunicou que estaba pendente da visita do xefe de Vías e Obras para analizar "in situ" o estado da estrada e estudar as posibles solucións. Até o de agora descoñecemos se esta visita se realizou e, de ser así, cales foron as conclusións e propostas de actuación. Entendemos que, como mencionou a alcaldesa, debemos traballar conxuntamente os tres grupos da corporación, pero sempre e cando teña por obxectivo solucionar este problema, non meternos a todos no mesmo saco de pasotismo e esquecelo ou arquivalo se máis deixando os veciños sen darlles unha solución porque o que se ve e que a situación non avanzou e a estrada segue sen as melloras necesarias, supoñendo un risco diario para todas as persoas que a utilizan.

Por todo isto lles pedimos unha explicación convincente sobre o estado actual de este asunto. Ademais, preguntamos, por segunda vez, sobre a ausencia de quitamedos na curva que se fixo a corta de madeira. Para cando se pensa peñar este elemento que garante a seguridade? Ou están esperando a que se produza unha desgracia para tomar as medidas necesarias? Lourenzá, 16 de xullo de 2024. A Sra. Alcaldesa responde, que a ultima información que temos respecto a esto





Concello de Lourenzá

foi a visita do capataz da Deputación a finais de xuño sobre o vinte e algo, onde vai ver in situ as carreteras, as demandas que nos temos e o que nos tiñamos solicitado como é o quitamedos onde se vai colocar e temos que estar encima porque e algo prioritario e debe de estar colocado.

PREGUNTA: PREGUNTA DO PP: DENEGACIÓN LOCAL MULTIUSOS

O voceiro do PP, Don Roberto, le a seguinte PREGUNTA: Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá a seguinte PREGUNTA Segundo temos entendidos todos os veciños de Lourenzá, o uso do Multiusos Ponte de Cuñas e das naves anexas é de acceso libre para calquera asociación que o solicite ao Concello. Semella que isto non é así porque segundo nos comunicaron dende algunha entidade cando solicitaron o uso destas naves para a súas actividades a petición foi denegada.

Non comprendemos os motivos desta denegación, especialmente cando se trata de actividades a realizar en Lourenzá, que atraen xente ao pobo e que, en principio, deberían ser facilitadas sen trabas innecesarias. Gustaríanos saber cales foron os motivos específicos para esta denegación? Lourenzá, 16 de xullo de 2024. A Sra. Alcaldesa responde que, o local do multiusos é para todas as asociacións, non lle consta que se denegara a ninguén, si se refiren a Ruta Cabalar non o solicitaron por escrito. A Asociación Cabalar para a organización da Feira Cabalar deste ano, como en anos pasados, non e certo que non se lles deixe pero o que se lles comentaba, o vir o do pulpo, o ano pasado trouxeron cabaliño de paso e fixeron na nave anexa o pulpo. Eles comentaban de facer o mercado de razas na segunda nave, e falaran da carpa pero era inviable mais gasto para o Concello, non se lles privou pero o día seguinte había feira entón estaban mirando outra posibilidade, xa que hai que limpar e desinfectar. Non pediron ningunha subvención o Concello e ascendería 6.700,00 euros os gastos.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

